


A NOSA TERRA

Idearium da «Irmandade da Fala» na Galiza e nas colonias
d'América e Portugal

ANO MCMXXI



PREZOS DE SUSCRIZÓN: Na Cruña, ó mes, 40 ctmos.; Fora, trimestre, 1'50 ptas.
América, trimestre, 2 ptas.; Coste d'un número, 15 ctmos.—Pagos adiantados


Redacción e Administración: Praza María Pita, 17, baixos, CRUÑA

FORD

Nova baixa de prezos postos en vigor

| | | Pesetas | ANTES | AHORA |
|--|---|---------|--------|---------------|
| CHASSIS COMUN... | | | 4.480 | 4.230 |
| VOITURETTE para 2 pasaxeiro, aberto con arranque | " | " | 6.300 | 6.070 |
| VOITURETTE " 2 " sin " | " | " | 5.790 | 5.675 |
| DOBLE FAETON " 5 " con " | " | " | 6.630 | 6.350 |
| DOBLE FAETON " 5 " sin " | " | " | 6.125 | 5.965 |
| SEDAN " 5 " (coche cerrado con arranque) | " | " | 12.050 | 11.290 |
| COUPÉ " 2 " " | " | " | 10.975 | 10.215 |
| CHASIS AUTO-CAMION, de 1 tonelada | | " | 5.050 | 5.735 |

Estos prezos enténdense bordo Cádiz con dereitos de Aduanas pagados



Axiña recibirei unha remesa de vinte autos e camiós, polo que recomendo aos moitos clientes que lles intresa adequirilos, faigan ós pedidos EN FIRME, pois a demanda é moi superior as posibilidades da entrega inmediata. As entregás faranse por riguroso orde de turno.

Gran servicio económico de autos de alquiler

LUIS GRANADOS
AXENTE

Oficina, Exposición, Garaxe e Salón de venda de pezas de recambio e toda
crás de accesorios para automóviles

Todas mis ofertas se entienden sin compromiso y sujetas a mi confirmación.
As mercancías viaxan por conta e resgô do comprador, non admitindo devolto dempois da saídas do almacén

Payo Gómez, 5 — **A Cruña** — **Teresa Herrera, 6**
DIRECCION TELEGRÁFICA: **LUGRAFORD**

A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCEÑAL

ANO V — NÚMERO 149 — 15 OUTONO 1921

¡SALVE CATALUNYA!

O galaico-portugués na Universidade catalana

Cataluña, a nazionalidade hispana mais forte e plena, a nazionalidade mais europeia, a única terra da Península que nunca tivo para nós os galegos un aldraxe; Cataluña que soupo admirar primeiro que ninguén a Rosalia Castro, e agarimou amorosa a Murguia e Brañas, e púxose ó servizo das «Irmundades» para axudarllas a redimiren a Galiza, agora acaba de nos donar a proba mais grande e mais estimábel do amore que nos profesa.

A Universidade catalana, nos seus estatutos autónomos, que ten aprobados o Goberno, establece que as tesés doutorales poderánse facer dend' agora n' ela, en castelán, catalán ou **galaico-portugués**.

Querese dicir que lle otorgan á nosa lingüa o honor meirande que conquíru desd' o seculo XV. A nosa lingüa, inda que a fala hoxe a maoria do pobo galego, inda que ten unha tradición aristocrática exquisita—xa que foi o instrumento do lirismo peninsular e do xenio poético do Rei Sabio—, inda que é verbo modernizado d' unha fonda e groriosa cultura universal, a cultura portuguesa, para os tristes fillos d' esta terra, escravos da pouta imperialista de Castela, que xa nin saben pensar nin sentiren sin que do centro lles manden feitos pensamentos e sentimentos, era algo «ordinario» e digno de se esquecere. Ao xuízo d' estes escravos, d' estes probes d' espírito que se puñan no ridiculo ao afirmalo,—a lingua galega somentes estaba ben axeitándose na poesía. Como si unha lingua que serve para a poesía—expresión do mais íntimo e exquisito e sutil—no fosse, por isa mesma causa, a millor tamén para a prosa. Mas non val a pena sair ao camiño dos que din parvadas estúpidas.

O feito e que desde agora, gracias á Universidade catalana, o noso idioma pátrio, pesi-o seu d' *ordinariez* de que o chatan os desleigados e os inconscientes, érguese a altura de idioma culto, recoñecido de xeito oficial, capaz de servir para expresarmos as mais serias disciplinas mentaes. De idioma popular, idioma do traballo galego, e de idioma da moza intelectualidade da Galiza nova, pasa a seridioma doutoral.

¡Que agradescemento non lle hemos deber, pois, a Cataluña! A ista *Catalonia mater iberorum* que a o honrar asín a nosa lingua pátria, decátase de que existe o problema «pangaleguista»—que a visita do ilustre pensador Leonardo Coimbra e o Orfeón do Porto à Cruña confirmou—reconécedoo e emprestándolle axuda para o seu desenvolo.

E' de fonda trascencia o feito pol-a Universidade catalana que, por certo, non resulta unha entidade totalmente catalanista. Mas que o será c' o tempo.

De tanta trascendencia e de tan grande e fecunda exemplaridade que, a Universidá de Compostela, de se non pôr a tono co' a de Barcelona, de seguir coma até aquí, sendo unha das diversas fábreas de licenciados que hai na Hespaña, inútiles e perjudiciaes, arredadas do medio onde actúan, merecer ha calquer nome agás o de Universidade galega.

Porque seríavos edificantे que o galego na Universidade da Galiza non tivese, despois de conquerida a autonomía, cando menos os honores que xa ten na catalana. O galego e o portugués é absolutamente indispensabel que que teñan no primeir centro de cultura da nosa Terra un agarimo fondo. Quen asín o non pense ha colleitar a maldición dos nosos fillos.

¡Salve nobre e grande Catalunya! Tódolos bos galegos áchanse hoxe axoennados d' agradescemento ante ti. Pobo que quer facer libres ós mais, ben gañada ten a sua liberdade.

Ora cheios d' entusiasmo fórtexámol-a efemérides mais xúrdia da nosa historia actual.
¡Visca Catalunya!

Os viños do Ribeiro

ARNOYA FINO

Siñifican o máximun d-a "delicadeza"

Bodegas da Viuda e Fillos de Xoán Fuentes—Ourense

Representante na Cruña: **Waldo Losada**

Saudosismo e idealismo

Estudo de Xaime Quintanilla

CONTINUACION

Todo o que non seja o amor divino é cousa despreciable para a Santa abulense.

Veisme aquí, mi dulce amor,
Amor dulce veisme aquí.
¿Qué mandáis hacer de mí?

Véis aquí mi corazón;
Yo le pongo en vuestra palma,
Mi cuerpo, mi vida y mi alma,
Mis entrañas y afición;
Dulce Esposo y redención,
pues por vuestra me ofrecí,
¿Qué mandáis hacer de mí?

N-istes versos véñense ben craramente as tres manifestacións do idealismo, a fe y-o misticismo. Santa Tereixa ten un ideal concreto, perciso, ben materialmente manifestado. A nosa meiga poeta, non. Ela ten no corazón cravado aquil cravo que se non sabe si é d-ouro ou de ferro. Aquil cravo é a saudade. Un día arrincáronlle á poeta aquel dorno qu-a magoaba. E Rosalía pide novamente padecer aquil dorno, que non sabe do que é, pro que sabe é tan da sua y-alma, que sin él non podería vivir. Ehí tendes a saudade; a cobiza do descoñecido, do que se non sabe o que é.

O entrefecimento da morriña e da saudade e tan apreixado, que pensadores como Risco coidan que d-istes nosos sentementos pode derivarse, no mundo, unha nova civilización. Risco pensa que a crisis actual do europeísmo non ven a ser outra cousa qu-a crisis da civilización mediterrán. E o mediterranismo é, xa, cousa vella. O heroísmo greco, as epopeyas, os cantos histriónicos, a enorme barafunda das creacións artísticas da Europa, atópanse n-unha crisis capital. Contra o Renacemento, como dixo moito ben o outro día o meu amigo Leandro Pita, erguéuse o romanticismo, que foi, seguramente, a reaución do espírito nórdico y-atlántico contra do espírito mediterrán. Pina de Moraes e Teixeira de Pascoaes no Portugal, xa falan c-unha verdadeira adeviñación do porvir, do pangaleguismo, como realidade moi preta, como fecuda obra do espírito galaico portugués, como forte creación d-unha nova civilización no mundo. O neo-atlantismo e pangaleguismo son unha soila e mesma cousa: a alborada de outra civilización ou cultura que encomenza a facer o seu auto de presencia no mundo.

E non hai medo quo pangaleguismo poida chegar a ser, o dia de mañán, unha nova força imperialista, dominadora e sanguinaria. Percisamente o que caracteriza istes fondos movementos patrióticos é o seu senso artístico e civilizadore. Os nazionalismos teñen esta expresión fecunda que hasta d-agora se non vira con craridade. Ista expresión e o amor a forma, é o amor a o contido xeográfico. E ningún amador predendeu endexamais engrandecer materialmente ao ouxeto adourado, porque ampliare é deformare. Os pobos que non chegaron á organización estatista teñen este privilexio que é, a o mesmo tempo,

unha garantía pra humanidade. N-ista situación atópanse no mundo os pobos celtas. Y-en ningún d-eles xurdíu o problema do irredentismo, pol-a sinxela razón de quo irredentismo é total y-afeuta a toda terra que renóvase.

E hai que ter na conta o feito de qu-a nosa persoalidade eisiste apesar da organización social do noso agro, que é decir da cuáseque totalidade da Galicia. A organización petrual é contraria a todolos sentementos de colaboración e solidaridade galeguista. Non hai na nosa terra fortes núcleos de pobração. Non hai unha só gran cibdade. A parroquia, e non o municipio, é a nosa verdadeira célula social. E ademais d-isto o cultivo da terra e puramente familiar, de casa por casa. Nada mais contrario que o noso espírito racial a o colectivismo e a o comunismo. De tal sorte e isto eisi, que a constante aspiración dos nosos labregos e que repártanse a os individuos e ás familias as terras dos montes comunaes. Percisamos, pois, como ideal práutico, que os labregos colaboren os uns cos outros, que d-ista colaboración, cada día mais estensa, pode vir, pol-o seu desenrollo en circos concéntricos, a concencia da nosa persoalidade. Galicia eisiste en contra de si mesma, como superposta, idealmente, ao que praucticamente fixose na vida galega. Eu penso que as cooperativas productoras podían ter, n-iste senso, unha grande importancia. Percisamos que Galiza teña un ideal. Xa qu-a nosa raza atópase carente, por sicoloxía racial, de todas as idealismos, percisamos idealistas. O noso ideal debe ser, percisamente, a nosa falla de ideal. E con isto non quero facer paradoxas. Quero decir, co-elo, quo noso ideal ten de consistire na conservación do noso propio espírito, ten de consistire en esaltar as nosas propias calidades. A morriña, a saudade e o lirismo serán as fachas lumiosas que erguerán o nome de Galicia pol-o mundo adiante. Temos de ser un pobo cheio de fe, cheio de fe en si mesmo, nas suas calidades, no seu xeito específico de ser. Temos de ser un pobo místico: que a nosa fe chegue a tan outo cumio que se non poida dare unha mais outa fe. (Romatará.)

Xaime QUINTANILLA.

Memorial do “Dail Eireann”

4. Dende entón, todolos métodos da tiranía mais crueles foron postos en práctica, n-un intento desesperado de destruirnos como nazón. Durante pouco mais de un século fóreronlle roubadas a Irlanda riquezas que representan o valor de un imperio, e ao mesmo tempo—cousa que ainda poden atestiguar moitos viventes—foi reducida a nosa poboación, por obra dos ingleses, de oito millons e medio de habitantes (que ascendería hoxe a dazasete millons, según o noso incremento normal) a unlos catro millós, crimen inaudito na historia das nazós civilizadas. A nosa illa é eminentemente fertil; a Natureza dotaouna generosamente das mellores condicíos pra prosperar na industria e no comercio, podendo manter a vinte millós de habitantes. Emporiso, o xefe do usurpador goberno inglés declarou públicamente o ano pasado que entraba na política do dito goberno a sistemática deportación dos irlandeses novos e fortes, a flor dos catro millós de almas que ainda quedan en Irlanda.

5. O pobo irlandés resisteu tenazmente e con todal-as suas forzas esta infame tiranía. Poucas son as nosas xeneracións que non viron pol-o menos unha revolución armada; e cando o noso pobo foi demasiado débil pra se levantar en armas, non endexamais de manifestar de un xeito ou outro a sua aversión ao goberno estranxeiro de Inglaterra. A declaración do opresor de que a «falla de lealtade» hacia o goberno inglés reviste na Irlanda o carácter de un sentimento nazonal e un reconocimento da constancia da nosa actitude. E no que se refire á actitude e desexo de xeneración presente, manifestouse xa de tal xeito que non é posibre dubidar d'eles.

6. O día 14 do Nadal de 1918, o pobo irlandés, aténdose aos principios proclamados pol-o goberno británico durante a guerra e vendo na aplicazón d'eles un camiño franco e xusto pra solventar d'un xeito definitivo a loita secular, declaróuse nas eleccións, con unha maioría abrumadora, a favor de unha **República Irlandesa Independente**.

7. Cumprindo o mandato craro e termiñante de aquel inquérito nazonal, realizado según as normas e leis dictadas pol-a mesma Inglaterra, os representantes elexidos pol-o pobo, reunidos en 21 de Xaneiro de 1919, programaron solememente a independenza da nazón e declararon a Repúbrica Irlandesa formalmente establecida.

8. A aquela aplicación lexítima do principio de autodeterminación nazonal, ao exercicio pacífico e ordenado, pol-o pobo irlandés, do seu dereito moral e democrático, contestou o goberno inglés con o uso immediato e sanguinento da forza bruta. As tropas e os medios materiais de destrucción que durante catro anos tifianse empregado pra loitar en defensa e beneficio das pequenas nazós—según se decía—e polos principios fundamentais de democracia foron dirixidos contra Irlanda e empregados pra pisotear e afogar en sangue aqueles principios en cuya defensa foran reclutados e creados.

(Seguiráse).

A cursi cantinela anual

Iso da festa da Raza

Noso irmao Xaime Quintanilla, n'un xornal, déulle a Rey Soto unha resposta axeitada, por que este poeta, algo tropicalizado, dixo n'un discurso aló en Cuba «que a raza que no porvir ha sel-a dona dos destinos do mundo é a raza hispano-americana».

E esa resposta do irmao Quintanilla coidamos poida resultal-o millor comentario noso á chamada Festa da Raza—estoupe de cursilería retórica que todol-os anos abafa os ouvidos e que este ano na Cruña foi fervenza de logares comuns ridícolos nos beizos do botafumeiro da oratoria oitocentista mais burda, Sr. Doval.

«A raza hispano-americana—ten escrito Quintanilla—non existe. Existe, sinxelamente, coma tópico moiado nos brindis. Antropolóxicamente, ninguén coñece esa raza. Coma ninguén coñece esa outra pantástica que andan a chamar os literatos raza latina. Ora ¿qué será «iso» da raza latina? ¿E que se quer sinificar, falando d'isás razas, que hai un espírito común latino e un espírito común hispano-americano? Pois nin inda así pode admitirse,

porque nin hai espírito latino nin espírito hispano-americano. Eses espíritos foron inventados polos oradores d'ateneos e polos poetas indíxenas más ou menos tropicales.

Mas razas, razas no dobre senso antropológico e histórico, somentes hai duas na Europa: a raza loura e a raza morena. E na América hai outras duas: a dos habitantes das urbes, que non son de raza algúns, e a dos do campo, que se divide en tantas coma povos hai na América.

O demais é literatura hoca e parva...»

E nós engadimos que as duas Repúblicas de maior fortaleza no Novo Mundo non teñen nada de hispano-americanas. Norteamérica e Brasil.

E a chamada raza hispano-americana, e mistura turba de brancos, negros, amarelos e ainda mais, que teñen por norma moral a aventura positivista e por disciplina suprema a adaptación ó medio. Se iso é raza, tamén se pode falar d'outras duas: a raza dos aliados e a dos imperios centraes.

E nos, os galegos conscientes, non sentimos iso. Coma non'os sentimos épicos, porque a nosa raza non é raza d'epopeias, inda que Rey Soto, sin licencia do entendimento, afirmara o contrario n'un discurso tropical.

A raza hispano-americana é o Tercio estranxeiro que as cinco partes do mundo embarcaron no continente descuberto por Colón.

Os regulares indígenas da nosa Terra

Xornadas vergoñosas

No antigo pazo dos Andrade, de Pontedeume, foi agasallado polos caciques d'aquela terra e os seus criados, c'un xantar, o Sr. Wais. O Sr. Wais orneou ali, á hora dos brindis, chamádonos aos nazionalistas galegos «regulares indígenas».

Un irmán noso, n'un xornal, recolleu esta estupidez dicíndolle ao estúpido que a ceibou que, efectivamente, os nazionalistas somos indígenas, os únicos indígenas que hai na Galiza merecentes de tal nome, mais indígenas irregulares, que os regulares (sinónimo de traidoria ao chan nativo) só poden ser en xustiza os políticos como Wais froitos do caciquismo e mantenedores dos caciques, que teñen esquecida a terra patria para rubir ó cumio da africana meseta de Castela. Wais, iste parvo, que foi ministro de vrán, por casualidade, n'un país onde Calígula tería a menos facer cónsul ó seu cabalo, mentou a soga en cas do aforcado. Que ningún calificativo lles cadra millor os politiquíños noxentos da Galiza que o de «regulares indígenas». Eles por trunfarem negan a sua terra centos de veces.

Mas o miolo do Wais probou a compreta oquedad que o caracteriza n'outro xantar conque xentes crúñesas que profesan un crúñesimo «d'intereses creados» ou «de grifo e vaso», agasalláronlo logo da festa de rexouba e trangallada de Pontedeume,

O Wais n'este segundo xantar—que ha servir de deshonra para cantos a él concorreron coma comparsas sin erguer ningún a voz c'ou oxeto de rebatiño—afirmou campanudamente que Galiza é a terra mais próspera da Hes-

paña, e que aquí nin existe o problema dos foros, nin o da emigración, nin o do caciquismo (*sic*).

¿Queredes un regular indígena mais parvo? ¿Querede nada mais ridículo e fallo de senso común?

O Wais ficou coñecido para sempre. Descorchou o cráneo, para nos probar que leva palla en troque de miolos n'ele. Pro tamén fican coñecidos os que chamándose bós galegos ouvirónno sin protesta.

Porque nin siquera un motivo de agradescimento tiñan os cruiñeses que o agasallaron para tolerarlle as suas estupideces.

¿Wais que fixo pol-a Cruña? Acaba de ser ministro de Gracia e Xustiza n'un governo alpaca efímero e ben poído pol-o menos, d'unha plumada deixar conseguido o derrubamento do vergonoso carce da capital da Galiza e a construcción d'un pazo de xustiza, e nin iso fixo. Cencais porque coida que carces piores hai n'outros pobos d'outras rexións ou porque era criado dos que lle deron a bicoca-fallo d'autoridade para iniciativas.

¿E un desgraciado d'este xeito é posibel tomalo en serio? ¡Probe picapleitos engriollado na cadea da oligarquía mais noxenta da Hespaña: a idónea, que somente poden considerar sin se riren a gargalladas, os vivos e os imbéciles!

Por certo que hai xornaes que se chaman galeguistas nos que negóuselle hospitalidade a un artigo notabre d'un querido irmán noso, pondo os puntos encol das ies respecto as parvadas discursivas do Wais.

Mas xa todos imonos coñecendo. E xa nos decatamos de que até aqués que vian en Rodrigo Sanz un mestre e un modelo e acataron n'outrora a sua xefatura, esqueceronse de lembralo con agarimo cando Wais maliciosamente silenciouno ao falar da política de Pontedeume.

¡Xornadas cidadanas, abofé, foron as que tiveron ao Wais por protagonista!

Vivir para vere...

No fio da marrocada

O contaxio da barbarie

Un dos cronistas de guerra que escribe aos xornaes da Península, ten falado do perigo ao contaxio da barbarie. Este perigo é iminente se no nos decatamos do que din certos xornaes e escreven certos corresponsais de guerra, esquecendo o conceito esencial do protectorado e a misión histórica dos povos proteidores.

Indubidabelmente ten moito de contaxiosa a barbarie, más certos comentarios semellan, mais que producto d'un contaxio, manifestación espontánea d'un atavismo étnico: Vel-aquí un exemplo: Decía ora pouco ó A B C, falando dos soldados do Tercio estranxeiro:

«Muchos, muchos son oficiales de Ejército expulsados por una noche de borrachera o por una bolada de ruleta. Y vienen a Melilla, de soldados voluntarios, a conquistar lo que perdieron aquellos que les expulsaron. Vienen a demostrar que se puede ser un excelente militar sin tener al corriente una caja, y que juzgaron muy a la ligera los que pusieron el honor de las armas, no en las armas, sino en las cuentas. Estos legionarios no supieron rendir cuentas ciertamente, pero han venido a ver cómo las

rinden los que perdieron un territorio que ellos van a reconquistar.»

Isto ten publicado un xornal que dise defensor do exército e que acostuma a definir e monopolizar o patriotismo, o seu conceito cativo e anacrónico do patriotismo.

E outro xornal madrileño, que quer ter—e ten de certo—un ar de modernidade, «La Voz», acolle, sen nengún comentario, o seguinte trecho d'unha correspondenza de guerra.

«De vuelta de Benisicar, donde he pasado la mañana, he ido a Nador por cuarta vez. Toda la tarde he estado en el zoco, donde los legionarias han instalado su campamento, y que es una feria bizarra, que recuerda el Rastro matritense. Casullas bordadas, imágenes, estolas, mantones de Manila, babuchas, gallinas, sacos de cebada, utensilios de barro, gumias con incrustaciones, candelabros, paquetes de bujías, pilones de azúcar, cabras, carneros, chilabas, alfombras, he aquí el botín del Tercio. Y ese botín está a la venta. Los bravos mozos aventureros, que se juegan la vida todos los días, tienen prisa y no reparan en el precio, porque necesitan dinero para beber y para jugar. Son partidarios del placer inmediato. Son enemigos de la previsión y del ahorro. Creen que sólo hay una certidumbre: la del vaso lleno sobre la mesa próxima.»

Este conceito anacrónico do patriotismo e da guerra que vai-se formando entre o público leitor dos xornaes madrileños ten de ser austeramente reitificado si as causas étnicas dos desastres de xuno, xulo e agosto han d'atopare alguma vez enmenda. Este conceito da guerra responde a prejuizos moito enraizados na subconsciencia d'un seitor dos povos peninsulares. Falando da feira dos obxetos do culto pertencentes a irexa de Nador, o corresponsal de guerra aludido anda a perpetuar unha concepción medioeval e post-medieval da guerra (*y entramos a saco en Gante—el palacio episcopal.*)


Ista é, precisamente, a traxedia do seitor mais amplio dos povos peninsulares: que mentres todo ten evolucionado arreio, este seitor seguía idéntico a él mesmo, sen evolucionare e—o que resulta mais grave ainda—sen mostrarre a capacidade da evolución.

Asin outro escritor que representa espiritoalmente este seitor peninsular, poso dicir a un dos xornaes citados que ista maneira pintoresca de concebil-a guerra evocabo os tempos de Francisco I e Lois XIV. Si. Ora poda que sí. Mas o povo de Francisco I e Lois XIV, e tódolos outros povos europeus, teñen hoxe un conceito moito diferente da guerra. En troques o seitor peninsular aludido sigue ainda, n'estes o n'outros xeitos da vida do país, nos séculos XVI e XVII. Unhos teñen evolucionado e outros non.

E é por iso mesmo que se fai necesario reitificar moitas couzas si o esforzo do país e o do exército han d'abranguer unha eficacia definitiva, unha eficacia que non poideron ter outras vegadas, precisamente pol-a persistenza dos taras atávicas, a reproducción das que denuncia a linguaaxe de certos xornaes e de certos corresponsais de guerra.

Ora xa vos decatades do porqué «Tenorio» éntusasma aos seítors peninsulares que vimos d'aludire, e vos decataredes ainda tamén de cómo diante de feitos que demostran «riñones», aqués seítors igoal que as rameiras e as mulleres histéricas, esquecen a realidade para admiraren o xeito chulo. Mesmamente que as porteiras sensíbeis chorán e gozan as truculenzas do folletinesco, e do real se non lembran. Agora o culto ao toureiro fica espricado.

(Da «Veu de Catalunya».)



—E si os catalans poñen despés na sua historia que eles foron os libertadores de Galicia?
—Boh, entón nos xa seríamos ceibes....

Do culto da Vaca Astral na Galiza

Cada día custa mais traballo de s'orientar no mundo das ideias. Hai por ehi adiante tantos trasmutadores de valores en pequeno! Coñeo eu certo discutido polígrafo hespañol que todo o convirte en sustancia teosófica... Confeso qu'un día que leín en A NOSA TERRA un artigo cheo de disquisicións rosolunianas, levei unha sorpresa, e gostoume que tamén d'iso se trate antre nós. Pro, cando as intelixencias mozas collen por ise camiño, compre chamas ó rigor científico e faguerles distinguir antr'o qu'está probado y-o que non o está, y-a se non fiar de simples probas indiciarias, coma tantas veces fan os nosos arqueólogos, empeñados en invental-o que pasou en Galiza enantes de Décimo Junio Bruto pasal-o Limia.

Así, todo o que se diga sóbor do culto de Vaca Astral—de catro ou cinco patas—in Galiza, ten que ser pura pantesia, pois non hai indicios estóricos, nin arqueolóxicos, nin folk-lóricos—coma non sexa o tangueiro d'Allariz—e das toponimias demasiado craras compre desconfiar. Ora, com'a min góstame tamén ceibarne algúnh volta do rigor científico, vou falar da Vaca Astral.

Eu vexo o símbolo da Vaca coma representación da Natureza, ou millor ainda, da Terra. Entón, eu son xa un adorador da Vaca...

O Istrutor esotéco dos Celtas foi Ogmios, qu'inventou a escrita oghámica, composta de puntos prás vocales

e rayas prás consoantes. Fálase d'unha língua primitiva composta só de vocaes (estudos de Ph. Lebesgue e de Roso de Luna). Esta língua escribiríase somentes cos puntos da escrita oghámica, e ben poidera sel-a escrita de coviñas (coupoles ou cazoletas) que s'atopan nas pedras, moi usada na Galiza primitiva e na Gran Bretaña.

Pois ben: o nome grego clásico da Vaca Astral é *Iao*, derivado de *Iao*. De *Iao* apareceu unha inscrición gnóstica en Astorga, a que, asegún o Dr. Macías y-o P. Fita é d'orixe priscilianista. Prisciliano, fondamente instruído nas cencias sincréticas do seu tempo, e tamén asegún se presume nos propios mistérios do Druidismo, qu'inda se conservaban en lembranza—coma que moita s lembranzas d'il chegaron até nós: a nosa propia *fouce* simbólica podera ser lembranza mais ou menos consciente da *fouce* litúrxica dos Druidas.—Prisciliano, decimos, coñecía con seguranza a importancia do nome *Iao* e más da Vaca Astral, pois sen duda bebeu do seu leite (sabencia *arya*).

Ora compre fixarse ben na afinidade do galego polas vocaes y-os finaes en ditongo, e xa qu'a elo estamos, nunha curiosa toponimia da miña terra de Caldelas: *Montem-iao...*

Andivo ispirado Antón Villar Pon te ó falar da ofrenda do *leite* e do *mel*: o leite da Vaca Astral (sabencia da Terra) é a nosa doutrina...

Nós conservamos o *panteísmo celto-ligur* que é consustancial conosco. Fai pouco atopábaeu n-un opúsculo

do ilustre Dr. Nóvoa Santos, ben qu'iste obtivérao por *intuición introspectiva*, intuición que non é mais qu' o leite da Vaca Astral.

A Vaca anda, pois antre nós, e no fondal da y-alma, todos somos adoradores da Vaca marela...

Esto proba que hai certa rexón do mundo, onde os más pantásticos sonos son certos, mais compre decañarse ben de que tal rexón non pertence ó mundo material. E iste asunto relaciónnase con outro de gran importancia tamén: o da verdade da leenda independente da verdade da estoria, probada primeiro polos románticos alemanes, como Federico Schlegel e mais Schleiermacher, e mais tarde polos simbolistas franceses como Mallarmé e Villiers de l'Isle Adam. O que non ten que ver coa verdade estórica da leenda qu' aproveitou unha moderna escola alemana.

Pro non temos tempo de nos meter n'iste fregado.

VICENTE RISCO.

Allariz, 1921.

Semblanza

Despexada e outa frente
que dis «por dentro anda xente»
ollos pequenos e inquedos
por debaixo d'uns quevedos,
uns quevedos con cristais
dos que non falla quen pense
que caben ben — e ainda mais —
no arco da ponte d'Ourense.

Mirand'o ceo moi tesa
unha nariz feita a presa
i-unha boca que non sabe
ni onde empece ni onde acabe.
E no queixío un burato
como si os dentes d'un rato
lle pegaran un bilisco...

R. CABANILLAS.

POL-O SANATORIO DE OZA

¡Castela... Castela!

Parece que Castela non vé con bos ollos que na Galiza eisista unha cousa boa, inda tratándose de algo que a ela mais que a ningúen lle ten comenencia o conservala.

Mas estamos xa tan afeitos a istes bôs tratos de Castela que de certo nada nos estrana ista nova proba d'amore...

Conta a Cruña c'un Sanatorio que é, non somentes orgullo noso, senon da Hespaña, mas a Castela lle non gosta que o noso Sanatorio de Oza vaya camiño da prosperidade e trata de que, o que até a data foi modelo d'isa crás de institucións, fique sendo un novo monopolio de Castela... ¡miña xoya!

O Sanatorio non debe nin pode acharse rexido mais que por xente nosa, o administrador, o director, os mestres, as mestras, as enfermeiras, todo o persoal n'unha verba, ten de ser galego, soio galego,... ¡se queremos que siga xuzgándose como cousa nosa exemplar!

¿Coida Castela que por nos mandar colonias mais ou menos numerosas, ten direito a impôrnos todo o persoal castelán? ¡Non por Deus!

Perguntade, casteláns, aos pequenos que veñen entagaiados d'isas terras áridas, si están contentes dos galegos, si lles gostan as nosas canticas que tanto daño vos fan! e perguntádelles se na Castela trátannos con tanto agarimo e con tanta dozura...

¡Por algo somos galegos!

FEDERICO ZAMORA.

Nouturnio

O sileno aldeán da media noite.

Alta a lúa no ceo.

Brancor de brétema no val e nas montañas.

Brancor na estrada solitaria.

Todo branco e silenzioso.

O luar a rielar...

Todo cheio do luar.

Na i-alma craros de lúa.

Tamén a i-alma paisaxe aluarada.

I-os teus ollos a brilar.

I-eu un soño d'amores a soñar.

Armonía do sileno,
sileno aldeán da media noite
na soledade da campía aluarada...

Cand'a tí pol-a estrada solitaria,
pol a estrada toda branca
cand'a tí: os teus ollos a brilar
i-eu un soño d'amores a soñar...

Cand'a tí sin che falar
xugando a miña sombra

co'a tua a se xuntar...

Nosos corpos arredados, en camiño,
lentamente, pasenifo,
envolveitos no craro do luar,
deitando suas sombras, escuras, alongadas
pol-o chán, en traza esquiva:

sempr diante

—n'un abalo tremelante,—
coma brancas, almas brancas
a se ollaren n'unha placa negativa.

Armonía do sileno,
sileno aldeán da media noite
na soledade da campía toda crara...

Cand'a tí, sin che falar
—nosos corpos arredados
camifiando aluarados—
e un soño d'amores a soñar
e xugando a miña sombra

co'a tua a se xuntar

n'unha cópula tan pura
com'a lus divina do luar...

¡O saudade d'unha estrela
—n'esta noite d'estrelas e luar,—
saudadiña que me acora,
o saudade d'unha estrela
na que soño que eu i-ela
com'as sombras n'esta hora
n'outras horas
nosos corpos se han xuntar!

O luar a rielar...

Todo cheio do luar.

V. LÓPEZ NEIRA.

INDICACIÓNS

A NOSA TERRA é órgano do Nazionalismo Galego. De canto se publique n'estas follas, somentes ten xeito oficial o que apareza sin firma; os traballos firmados son— como dixemos moitas veces—opinións particulares dos que os fan.

E A NOSA TERRA admite todos aqués artigos que, non estando mal escritos, conteñan algúnta idea sempre que non vaian en contra do noso idearium, inda que mostren arredamento dos acordos das Asambleas anuánes do Partido.

Séipanno tódolos leitores.

A Direición.

Notas enxebres

En Corcubión fixose o certame literario que tíñamos anunciado.

Levaron premios: Gonzalo López Abente c' o romance «Arasolis»; Leandro Carré Alvarellos, c'unha novela curta «Amor mal fadado» e c'unha comedia «O corazón d'un pedáneo»; Loís Tobío Campos, c'o conto «O cura da carballeira»; Francisco Sánchez García, co'a poesía «Prumas viaxeiras»; Ramón Suárez Pedreira c'un «Saudo» en verso.

No mesmo certame houbo un premio para a mellor parella que bailase a «Muiñeira» que conquiriu a do coro pontevedrés «Foliadas e cántigas».

Actuou de mantenedor da festa enxebre o distinto académico Sr. Carré Aldao, pronunciando un discurso no noso idioma que foi moito gabado.

Ben val todo isto pol-as estúpidas touradas que na mesma vila da costa verdecente organizaron unhos flamenquistas feitos a cuncadas de caldo de grelos.

No mitin que co'a actuación de D. Leonardo Rodríguez ténse feito en Valdoviño, o culto médico Sr. Casas, falou en galego.

O noso garimoso saudo a o galeno enxebre e patriota.

A «Mocedade Nazionalista» de Vigo ven organizando nha festa teatral galega.

A «Irmandade da Fala» do Ferrol ten acordado traballar canto sexa posibel para levar á práctica o plan pedagóxico que por encárregu da III Asambleia Nazionalista de Vigo, escreveu o irmán Vicente Risco.

Xa fixo traballos limiares en col do asunto.

As «Irmandades da Fala» e as «Mocedades Nazionistas» enviaron mensaxes de louba e agradescimento á universidade catalana por ter esta acordado que as tesés doutorais poidan facerse ali en galaico-portugués.

Os mesmos orgaos deron orde aos seus axuntados para que por telégrafo na data do oito dos correntes dirixiranse á Universidade de Santiago lembrando o feito pol-a de Barcelona e pergándolle que a imite, cando menos.

CACIQUISMO DOCENTE

O Rector da Universidade santiaguesa

A Universidade de Compostela xa elixiu Rector. Mal comenza a sua actuación autónoma. Pois para tal cárrego resultou designado Blanco Rivero.

Blanco Rivero é cacique Garcipretista. Sendo alcalde de Santiago, para lle dar comprimento á familia Montero Ríos, traballou ata conseguir que a «palmatoria» de Benlliure se erguera na praza do Hospital.

Agora colleita o premio d' aquela herexía. E gracias a ser Rector Blanco Rivero, o marqués do Espiego seguirá dispondo do primeiro centro docente da Galiza.

Isto é vergoñoso. Si se someten catedráticos ao caci-

quismo ¿cómo queréis que se non sometan os homildes labregos?

¿Será posibel que n' un claustro de doutores autónomo a cidadanía áchese ausente?

Nós coidamos que o Rector por direito propio ao conquerir a Universidade autonomía debera ser Cabeza León El, coma ninguén, conece a historia universitaria.

Mas de non se elixir a Cabeza. Varela da Iglesia, Novoa Santos ou Gil Casares—e non citamos a Deulofeu porque non é galego—terían de resultar, pol-o seu prestixio os candidatos.

Ben dixo Rosalia, que Santiago é un cimenterio de pedra...

HOMENAXE EN MONDOÑEDO

O mausoleo de Leiras Pulpeiro

Don Manoel Leiras Pulpeiro, finou en Mondoñedo, seu povo natal, o 9 de Novembre do 1912.

Era cecais un dos millores poetas galegos oitocentistas. Pol-a sua modestia non é tan coñecido coma tería de o seré. Dominaba a nosa doce lingua de maneira notabre. Non había xiro popular que se ll'ocultara. Donou á Academia Galega mileiras de vocábulos, más non quixo aceitar o cárrego d' académico. E ora seique fixo ben xa que na dourada corporación van admitindo homes que nin sinten o galego e o desprecian, sin teren asimade talento nin persoalidá. (Lembrese a parellíña d' académicos que derradeiramente nos colaron de contrabando).

Don Mannel Leiras deixounos un libro de cantigas xúrdias. Mas inéditos ten algúns poemas e moitas poesías admirabeis, sin contar as publicadas nos xornaes. Mas dixou tamén unha lembranza inmorrente das suas bondades. Médico servía aos probes con agarimo de pai. Republicán, era un namorado da liberdade. E para a sua familia e os seus vicíos un santo laico.

Agora, na data do 30 d' Outono, vai a rendérselle un homenaxe, do que é i-alma noso irmán Fernando Lorenzo Rico, con motivo da inauguración do mausoleo que no cimenterio civil de Mondoñedo lle ergueron os fillos do dito povo residentes na Arxentina.

E n' ese homenaxe terán representación todolos centros i-entidades galegas da metrópoli e das Américas.

Suscríbase vostede

A N O S A T E R R A

V^{da} de H. Hervada

Casa Fundada en 1865

A CRUÑA

FERRETERÍA, QUINCALLA, MUEBLES

MAQUINARIA AGRÍCOLA

PEDRAS FRANCESAS PRA MUIÑOS

ETC., ETC.

COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

Vapores Correos de gran velocidad — Servicios direitos dende o porto da Cruña

Próximas saidas DIREITAMENTE da Cruña

Vapor De la Salle 19 de Outono

" **Roussillon** 29 de id.

" **FLANDRE** 7 de Novembro

Prezo en Cámara para o vapor **FLANDRE**

| | HABANA | VERACRUZ |
|--|--------|----------|
|--|--------|----------|

| | | |
|------------------------------------|---------------------|---------------|
| Primeira crase (varias categorías) | Ptas. 1.350 a 3.600 | 1.475 a 3.900 |
| Segunda crase | » 1.100 | 1.200 |
| Preferencia | » 1.000 | 1.050 |

Prezo en Cámara para o vapor **ESPAGNE**

| | HABANA | VERABRUZ |
|--|--------|----------|
|--|--------|----------|

| | | |
|-------------------------------|---------------------|---------------|
| Primeira (varias categorías). | Ptas. 1.650 a 5.000 | 1.800 a 5.250 |
| Segunda. | » 1.100 a 1.125 | 1.200 a 1.225 |
| Preferencia. | » 1.000 | 1.050 |
| TERCEIRA CRAS | » 565 | |

A estos precios hai que añadir os impostos
Os pasaxeiros terán de presentarse n'esta Axencia cinco días antes da saída.—Ademiten carga.
Para toda crás de informes dirixirse ao seu consignatario:

D. NICANDRO FARIÑA, Rua de Compostela, esquina a Praza de Lugo-A CRUÑA

COMPANÍA CHARGEURS REUNIS

Y

COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

Línea Brasil-Plata

Para os portos do Brasil, Montevideo e Bós Aires, sairán do porto da Cruña os maníficos vapores rápidos a sobre hélice

2 de Novembro
22 de id.

RIGAULT
DESIRADE

Prezo en 3.^a cras

| |
|----------------|
| 534'75 pesetas |
| 534'75 » |

Prezos en cámara

| | Pernambuco | Bahia | Rio Xaneiro | Santos | Montevideo | Bos Aires |
|--------------------------------|------------|-------|-------------|--------|------------|-----------|
| Prezo do billete en luxo Ptas. | 6.000 | | 6.000 | 6.000 | 6.000 | 6.000 |
| En primeira crase. | 1.650 | | 1.925 | 2.000 | 2.350 | 2.435 |
| En segunda crase. | 825 | | 825 | 825 | 825 | 825 |

Prezos en cámara para o «DESIRADE»

| | Pernambuco | Rio Janeiro | Santos | Montevideo | Buenos Aires |
|----------------------------|------------|-------------|--------|------------|--------------|
| En primeira crase , Ptas. | 1.475 | 1.675 | 1.725 | 1.950 | 2.025 |
| En segunda crase | 825 | 825 | 825 | 825 | 825 |

Nenos menores de dous anos, un gratis por cada familia; de dous a cinco anos, cuarto pasaxe; de cinco a dez anos, medio pasaxe; maiores de dez anos, pasaxe enteiro.

E necesario presentarse nesta Axencia cinco días antes da saída do vapor.

Para mais informes dirixirse aos seus Axentes Xeneraes en Hespaña:

ANTONIO CONDE (Fillos)

Plaza de Orense, 2-A-CRUÑA

Telegrams: CHARGEURS